

DECRETO

BASES ORGANIZACIÓN ACTIVIDADE DE CONCILIACIÓN “VERÁN LÚDICO”

O Servizo de Conciliación do Concello de Santa Comba é unha política pública que ten por obxecto facer camiño cara a garantía do coidado como un dereito dende a óptica da igualdade entre mulleres e homes, ao amparo do artigo 44 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e dende un enfoque de garantía de dereitos universais.

Neste marco preténdese deseñar sistemas integrais de coidado dende unha perspectiva de xénero, interseccional e de dereitos humanos que promovan a corresponsabilidade entre mulleres e homes, sociedade, mercado laboral, familias e comunidade. Estes sistemas deben incluír políticas articuladas sobre o tempo, os recursos, as prestacións e os servizos públicos universais e de calidade, para satisfacer as distintas necesidades de coidado da poboación, como parte dos sistemas de protección social e dende unha concepción que eleve o dereito ao coidado ao rango e protección doutros Dereitos Humanos no noso concello.

O Verán Lúdico ten como obxecto ser unha posibilidade de conciliación da vida familiar e laboral durante os períodos vacacionais escolares de verán ofrecendolles ás familias un servizo de carácter educativo a través de actividades lúdicas e educativas adaptadas ás características da etapa de crecemento do/a menor e estruturadas dende un enfoque orientado ao xogo e esparcemento, contribuíndo ao desenvolvemento integral dos e das menores a través do xogo coeducativo, introducindo a educación en valores, nomeadamente en materia de igualdade de xénero, respecto á diversidade, solidariedade e convivencia, entre outros.

Á vista do art. 21.1 da lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e demais lexislación concordante,

Esta alcaldía,

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a realización da actividade de conciliación “Verán Lúdico”.

Segundo.- Aprobar a organización da actividade de conciliación “Verán Lúdico”, segundo as seguintes bases:

“BASES ORGANIZACIÓN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN E IGUALDADE “VERÁN LÚDICO 2024”.

1. Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto regular as actividades de conciliación e igualdade no período vacacional de verán “Verán Lúdico 2024”, organizadas polo Concello de Santa Comba a través do Centro de Información ás Mulleres (CIM).

Estas actividades son unha oferta de conciliación familiar e de fomento da igualdade, a través de actividades lúdicas e formativas, sociais, de desenvolvemento persoal, concebidas para, de xeito progresivo, dotar aos nenos/as das ferramentas precisas para acadar a súa autonomía e independencia, fomentar a convivencia, a cooperación, o respecto e un xeito de vida saudable, así como propiciar un achegamento ao medio natural, ao deporte e á cultura.

2. Persoal.

Ditas actividades, a desenvolver por empresa cualificada contratada ao efecto, cuxo persoal conte con formación, cando menos, nalgunha das seguintes áreas de coñecemento e cumprir cos requisitos mínimos exixidos para a realización da actividade establecidos no Decreto 50/2000, de 20 de xaneiro, modificado polo Decreto 58/2012, de 12 de xaneiro, que refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude:

*** Coordinador/a-monitor/a e responsable da actividade que deberá contar con:**

- Titulación superior en Pedagogía, Psicopedagogía ou titulación media de Mestre/a ou grao en Educación Infantil e/ou Primaria.
- Formación en prevención de riscos laborais.
- Experiencia mínima en función de coordinación de dous anos.

Entre as súas funcións figuran:

- Coordinación co monitorado responsable da actividade.
- Posta en funcionamento e correcto desenvolvemento das actividades.
- Seguemento das actividades.
- Comunicación co persoal técnico do Concello de Santa Comba de todas as incidencias que ocorran durante a execución do contrato.
- Aclaración de dúbidas e apoio ao monitorado.
- Atención ás familias dos e das participantes (aclaración de dúbidas, remisión de circulares, etc).
- Exercerà, ademais, funcións propias do monitorado na atención de menores e desenvolvemento da programación.

* **Monitores/as:** o monitorado encargado da prestación do servizo nos distintos centros estarán en posesión, como mínimo, do título de monitor/a de ocio e tempo libre homologado pola Xunta de Galicia ou organismo equivalente. Naqueles centros nos que a ratio determine a contratación de mais dun monitor ou monitora, unha destas persoas exercerá as funcións de coordinación e a interlocución coas familias de dito centro. No caso no que solo haxa un monitor ou monitora, esta persoa será a encargada destas funcións, ademais das inherentes ao desenvolvemento das actividades. Aos efectos da adscrición do persoal requirido e necesario para a execución do contrato non se considerarán monitores/as computables os que se atopen en período de prácticas.

* **Monitores/as para atención dos e das menores con diversidade funcional:** estas persoas deberán contar con titulación superior en Pedagogía - Psicopedagogía, Psicoloxía ou titulación media de Mestre/a e/ou grao en Educación Infantil e/ou Primaria, e con formación e experiencia demostrada en atención á diversidade por un mínimo de dous anos.

A totalidade do equipo de traballo disporá de:

- Formación en igualdade de xénero homologada por entidades ou organismos oficiais (administracións e universidades).
 - Certificación negativa do Rexistro Central de Delincentes Sexuais.
- Ademais do desenvolvemento da programación de actividades, o monitorado deberá:
- Acompañar e responsabilizarse dos e das participantes desde o momento de entrada nas instalacións ata a recepción polos pais, nais ou titores destes.
 - No caso dos/as nenos/as con diversidade funcional ubicados no CEIP Barrié de la Maza o monitorado deberá asistilos/as naquelas necesidades físicas tales como cambio de cueiros, etc.
 - Incorporaranse como mínimo un cuarto de hora antes do fixado para realizar actividades de posta a punto do material, organización previa de actividades etc. e concluirán a súa xornada como mínimo 15 minutos despois das mesmas, co fin de deixar as instalacións en condicións e garantir as labores de recollida de todas e todos os e as menores.
 - O equipo de traballo deberá ter en todo momento un trato correcto cos nenos e nenas participantes e as súas familias e coidar do uso axeitado das instalacións deixando as mesmas limpas e recollidas.
 - Informar ás nais, pais ou titores/as e ao concello das incidencias que se produzan.
 - Controlar as asistencias/ausencias dos e das participantes.
 - Realizar as demais funcións que se lles atribúan dende o Concello para o correcto funcionamento do/s servizo/s.

3. Destinatarios/as e requisitos.

As persoas destinatarias serán os nenos e nenas escolarizados/as en educación infantil e primaria, nados entre os anos 2012 e 2021 que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar empadroados/as no Concello de Santa Comba (extremo éste que será verificado, polas persoas responsables do servizo, ao cal expresamente se autoriza mediante a solicitude de inscrición)
- Pertencer a familias monoparentais, familias onde os dous proxenitores ou titores/as traballen ou se atopen realizando cursos oficiais de formación para o emprego e abonen o prezo público establecido de acordo coa "Ordenanza reguladora de prezo público pola prestación de servizos ou a realización de actividades no marco da utilización dos servizos de conciliación da vida familiar e laboral, nos períodos vacacionais escolares de verán "Verán Lúdico" e Nadal "Nadal Lúdico", e outras actividades de conciliación" (BOP núm.71 do 13 de abril de 2021 e BOP núm. 121 de 28 de xuño de 2022) ou a que no seu caso a modifique.

-Valoraranse, así mesmo, situacións especiais tales como acollementos familiares, enfermidades graves ou persoas en situación de dependencia na unidade familiar, procesos de separación/divorcio ou similares aportando informe ao respecto de Servizos Sociais.

Os requisitos deberán cumprirse no momento en que se fai a solicitude de inscrición no servizo (agás o pagamento do prezo, que se estará ao disposto na referida ordeanza reguladora) e manterse esta situación mentres dure a prestación do mesmo. No caso de que a situación se modifique durante o desenvolvemento do servizo deberá comunicalo ás persoas responsables do mesmo.

4. Dereitos e deberes das persoas beneficiarias.

Por tratarse os/as destinatarios/as de menores de idade, serán as súas nais, pais, tutores ou familias acolledoras os/as responsables de presentar e asinar o formulario de solicitude de inscrición de acordo co establecido no punto 7 destas bases.

Para apoiar a integración dos nenos e nenas con diversidade funcional o concello de Santa Comba reserva o 10% das prazas ás /aos que se lle prestará o servizo no CEIP Barrié de la Maza por ser o centro que conta cos medios axeitados para a posible participación destes nenos/as en igualdade de condicións. Solicitarase, de ser necesaria, copia da Certificación de Discapacidade realizada pola Comunidade Autónoma e un informe profesional que acredite as características da discapacidade, as pautas de traballo oportunas e a xustificación da idoneidade de participar nesta actividade. No caso de non se ocupar todas as prazas reservadas para persoas con diversidade funcional, incorporaranse as sobrantes ao resto.

Os/as pais, nais, tutores/as e familias acolledoras, deberán notificar calquera problema de saúde dos/as nenos/as admitidos/as (alerxias e intolerancias a calquera tipo de alimento ou produto) ou necesidade de apoio á autonomía.

Non poderán asistir ao servizo por motivos de saúde aquelas crianzas con febre ou enfermidades contaxiosas.

No caso de que queden prazas vacantes durante o desenvolvemento do servizo poderán ser empregadas por menores que non cumpran os requisitos sinalados anteriormente.

5. Lugares e datas

O servizo de conciliación Verán Lúdico desenvolverase previsiblemente nas instalacións dos seguintes centros educativos, solicitadas para tal efecto. Ambos centros educativos deberán aprobar a cesión das instalacións mediante Concello Escolar ou organismo responsable, para a utilización das dependencias, se ben o concello resérvase o dereito de poder modificar o lugar/lugares de desenvolvemento do servizo motivando o referido cambio:

- CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza
- CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña

Especialmente no verán e dependendo das condicións meteorolóxicas aproveitaranse os espazos ao aire libre, así como outras instalacións municipais.

O servizo desenvolverase (excluíndo os días festivos):

- No período vacacional escolar de verán, dende do 1 de xullo ata o 10 de setembro do ano 2024, de luns a venres en horario de 8:30 a 14:30 horas.

Organizarase en 4 quincenas, dúas en xullo, dúas en agosto e o período de setembro (do 1 ao 10).

O concello resérvase o dereito de poder modificar os horarios de desenvolvemento do servizo motivando o referido cambio.

Non se poderá solicitar inscrición nos dous centros simultaneamente para as mesmas datas.

6. Prazas.

O número máximo de prazas será de 70 para o servizo que se levará a cabo no CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza e de 20 prazas no CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña co 10% de prazas reservadas a nenos e nenas con diversidade funcional, ás/aos que se lle prestará o servizo no CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza polos motivos xa expostos.

Para a prestación do servizo e como norma xeral en cada un dos centros establecerase a necesidade de cubrir o 80% das prazas ofertadas.

No suposto de que non se chegue a cubrir as prazas nalgunha das ubicacións por falta de demanda estas poderanse reubicar no CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza, respetando as ratios establecidas.

Reservarase un 5% das prazas para emerxencias sociais (situacións de violencia de xénero, risco ou situación de exclusión social, etc) e terán prioridade ao igual que aquelas reservadas para as crianzas con diversidade funcional.

En caso de quedar prazas vacantes abrirase un novo período de inscrición a determinar pola Concellería correspondente, sendo cubertas as vacantes por rigoroso orde de solicitude.

7. Inscrición.

Realizarase unha SOLICITUDE DE INSCRICIÓN cubrindo o formulario que estará dispoñible na páxina web municipal www.santacomba.es do Concello de Santa Comba dende o día **3 de xuño ata o 7 de xuño**.

Deberá presentar a solicitude un/unha dos pais, nais, titores, acolledores familiares do/a menor, ao seu nome co seu DNI/NIF/NIE e unha dirección de correo electrónica. Na solicitude indicará o nome do/a menor ou menores para o/s ou a/as que desexa solicitar praza con indicación da quincena, mes ou meses que solicita.

Só se admitirá unha solicitude por cada correo electrónico por unidade familiar.

Unha vez que lle sexa concedida a praza, deberá facilitárselle ao persoal do CIM, no prazo máximo de tres días dende a comunicación, unha copia da seguinte documentación formalizándose nese momento a inscrición:

- Copia Documento de Identidade (D.N.I./NIF/NIE) do pai, nai, titor/a ou acolledor/a familiar que asina a solicitude.
- Copia Libro de Familia
- Documentación acreditativa de atoparse ambos proxenitores, titores ou familia acollidora traballando (certificado de empresa, informe de vida laboral, contrato de traballo. En caso de autónomos, declaración responsable e último recibo de pago de autónomo). Para o caso de realizar os proxenitores, titores ou familia acollidora cursos oficiais de formación para o emprego acreditarase mediante informe ou certificado acreditativo do mesmo.
- Copia da tarxeta sanitaria do/a menor.
- Documentación que acredite o dereito a bonificación, no seu caso: familia numerosa, certificado monoparental, etc.
- Copia do xustificante do pago do prezo público.

Para o caso de que algún dato ou documento aportado polo solicitante non quedara suficientemente acreditado ou inducira a confusións, poderá esixirse a ampliación da documentación acreditativa das circunstancias, e asimesmo, o órgano instructor poderá solicitar informe do departamento de Servizos Sociais do Concello de Santa Comba, de ser o caso. A omisión e/ou falsidade dos datos ou dos documentos achegados serán causa de inadmisión/anulación.

8. Adxudicación de prazas e lista de agarda.

- **Directa**, no caso de que se cumpran os requisitos expostos anteriormente no punto 3 das bases e a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.
- **Por orde de inscrición na plataforma da páxina web do concello a través do formulario indicado ao efecto**, no caso de que se cumpran os requisitos expostos anteriormente no punto 3 das bases e a demanda supere o número de prazas dispoñibles.

Elaborarase unha lista de agarda para poder acceder en caso de haber renuncias ou baixas. O resultado de persoas beneficiarias e a lista de agarda publicarase os días previos ao inicio do servizo.

Estas listas resultantes publicaranse na páxina web www.santacomba.es e nos medios municipais que se consideren oportunos. A lista de persoas beneficiarias estará á disposición das persoas interesadas, tamén, nas oficinas do CIM para a súa consulta.

No caso de existir vacantes avisarase telefónicamente ás persoas responsables dos/as menores que figuren en dita lista por rigoroso orde de inscrición.

9. Causas de baixa, exclusión ou anulación.

A ausencia reiterada e inxustificada de 3 días consecutivos ou 5 alternos dará lugar á exclusión do servizo dando entrada, por orde, ás persoas solicitantes da lista de agarda. Tamén será causa de baixa:

- O incumprimento dos requisitos establecidos.
- A entrada das crianzas máis tarde das 10:00h e saída antes das 13:00h sen xustificación.
- A solicitude de baixa das nais, pais, titores ou familia acolledora.
- A comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados.
- Cursada de oficio pola Administración, cando non se mantenga o número mínimo de persoas beneficiarias ou por causa maior.

O Concello e os centros reservan para sí o dereito de admisión e exclusión temporal ou definitiva das persoas beneficiarias que se comporten de forma inadecuada ou que os seus pais, nais, titores ou familia acolledora non respecten as normas establecidas para o desenvolvemento do servizo. Antes de tomar unha decisión desta índole, daráselle audiencia aos pais, nais, titores ou familia acolledora.

10. Información adicional.

A Alcaldía poderá ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a adecuada aplicación, interpretación e desenvolvemento destas normas.

11. Información sobre Protección de datos de carácter persoal

En cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase de que os datos de carácter persoal serán tratados por parte do responsable do tratamento, o Concello de Santa Comba, coa finalidade de prestarlle o servizo "Verán Lúdico 2024". A lexitimación do tratamento basearase nos artigos do RXPd: 6.1.a) Consentimento da interesada, 6.1.e) o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, 6.1.c) o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.

Os datos serán cedidos á empresa contratada ao efecto para a prestación do servizo solicitado.

A autorizante pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), oposición, limitación e non ser obxecto de decisións automatizadas, previstos na normativa reguladora, dirixindo a súa petición a dpd@santacomba.es, no Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba ou por carta dirixida a Pza. do Concello, 1 - 15841 - Santa Comba (A Coruña)

Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na nosa páxina web <https://www.santacomba.es/politica-de-privacidad-concello-de-santa-comba>

En Santa Comba á data da sinatura dixital.

O alcalde

Alberto Romar Landeira"

Terceiro.-Notificar a/s parte/s interesada/s.

Cuarto.- Dar conta ao pleno da corporación deste concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, para o seu coñecemento.

Santa Comba, á data da sinatura dixital.

O alcalde

Alberto Romar Landeira

A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada